


Asunto: CONCURSO CONVOCADO PARA O OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA NECESARIA PARA A ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA DA VILA DE PORTONOVO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2022. ADXUDICACIÓN.

### RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

Vista a aprobación por unanimidade na sesión do consello de administración de Turismo de Sanxenxo SL de data 08 de xuño de 2022:

*“Sometido este punto a votación, isto é, que en base os informes xurídicos, técnicos e contando coa fiscalización favorable da Intervención Xeral do Concello, á vista da valoración de ofertas presentadas, se RESOLVE ADXUDICAR A ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA DA VILA DE PORTONOVO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2022 á ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESANOS, AGA, APROBÁNDOSE O MESMO POR UNANIMIDADE dos presentes e representados.*

*Asemade facúltase á Presidencia para emitir, comunicar e publicar a Resolución de adxudicación en favor da Asociación Galega de Artesanía, AGA, así como para emitir, comunicar e publicar a Resolución de outorgamento da autorización administrativa, e que se dé traslado das mesmas ao Concello de Sanxenxo aos efectos legalmente oportunos. A autorización administrativa comprenderá en todo caso o dereito á ocupación do dominio público terrestre (no área delimitada no Anexo I das Bases do concurso e nas condición que se establecen na autorización outorgada polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra a estos efectos o pasado 11 de abril de 2022) e a súa explotación para a organización, xestión e desenvolvemento nesta área da Feira de Artesanía de Portonovo na tempada de verán do ano 2022, nos termos e condicións que se derivan do establecido no Prego de Bases publicado, autorización que se outorgará polo período indicado no propio prego, isto é: dende o 15 de xullo de 2022 ata o 31 de agosto de 2022, coa posibilidade de que, de maneira excepcional, a data de finalización poida ser ampliada á solicitude da adxudicatario por un período non superior a 5 días hábiles en base a causas técnicas vencelladas ás labores de desmontaxe. Asemade o adxudicatario deberá aboar no marco desta autorización o importe do canon fixado polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra pola ocupación dos terreos de dominio público durante todo o período, isto é: 4.759,07 €.* “



É polo que, esta Presidencia, no uso das súas atribucións, **RESOLVE:**

**I. ADXUDICAR A ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA DA VILA DE PORTONOVO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2022, á ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESANOS, AGA, en base aos informes xurídicos, técnicos e contando coa fiscalización favorable da Intervención Xeral do Concello e á vista da valoración de ofertas presentadas, segundo o aprobado no Consello de Administración de Turismo de Sanxenxo SL por unanimidade dos seus membros presentes e representados en data 8 de xuño de 2022.**

Esta adxudicación ven motivada por acadar a ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESANOS a maior puntuación no concurso (50 puntos), tal e como consta no acta da sesión do consello de administración referido:

*Vista a aprobación por unanimidade do consello de administración de Turismo de Sanxenxo SL en data 13 de maio da organización da Feira de Artesanía da Vila de Portonovo durante a tempada de verán 2022, do prego de bases para o outorgamento da autorización administrativa necesaria para a organización, xestión e explotación da mesma, da orde de publicación das bases na web do Concello de Sanxenxo, así como a delegación nesta Presidencia da tramitación do devandito expediente administrativo ata a súa adxudicación ou non, polo órgano de contratación.*

*Vista a publicación das bases do concurso na web do Concello de Sanxenxo ([www.sanxenxo.es](http://www.sanxenxo.es)) en data 13 de maio así como nas súas RRSS, o último día hábil para presentar as instancias foi o 23 de maio engadido, constando o día hábil seguinte (isto é 24 de maio de 2022) como presentadas en prazo, as seguintes entidades segundo a documentación electrónica facilitada a esta Presidencia pola Sede Electrónica do Concello de Sanxenxo:*

- ASOCIACIÓN DE VENDEDORES DE CALLE DE ASTURIAS. G33400391
- ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESANOS, AGA. G15128275
- ASOCIACIÓN PERSONAS CON DISCAPACIDAD FÍSICA. G01708510
- ASOCIACIÓN ACTIVA. G87836656

*Tal e como se establece na Base 10 do prego e có obxecto de dar continuidade ao procedemento, procedeuse mediante Resolución de Presidencia a dar traslado do contido dos Sobres 1 (arquivos electrónicos) das devanditas entidades á asesoría xurídica para a emisión de INFORME XURÍDICO sobre a documentación achegada polos solicitantes, do cumprimento ou non dos requisitos establecidos na Base 6 do prego, de si existían defectos subsanables con indicación dos mesmos, así como si finalmente procedía admitir ou non a quen corresponda.*



*A asesoría xurídica emite informe xurídico en data 30 de maio. En data 31 de maio, seguindo as súas instrucións, se lle require á Asociación de Personas con Discapacidade Física para que subsane documentación incompleta do sobre 1, de cara a poder avaliar si reúne ou non a capacidade para participar no procedemento. A devandita asociación presenta por Sede Electrónica a documentación requirida en data 1 de xuño. A asesoría emite segundo informe xurídico de comprobación da documentación en data 2 de xuño de 2022.*

*En data 6 de xuño, esta Presidencia no uso das súas atribucións e seguindo instrucións dos informes xurídicos anteriores, resolveu ADMITIR no presente procedemento ás seguintes entidades: ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESANOS, AGA (G15128275) e ASOCIACIÓN PERSONAS CON DISCAPACIDAD FÍSICA (G01708510). Así como EXCLUIR, en base aos informes xurídicos obrantes no expediente, ás seguintes entidades:*

*ASOCIACIÓN ACTIVA «De conformidade coa xustificación prevista no Informe xurídico emitido con data 30 de maio de 2022, dunha análise da documentación aportada pola Asociación Activa constatase a existencia dun incumprimento do establecido na Base 6.B do Prego reitor da convocatoria: á vista do establecido nos Estatutos da Asociación, non nos atopamos ante unha entidade que teña por obxecto de maneira específica a representación dos intereses dos artesáns e, particularmente, a realización de actividades, eventos e talleres de carácter artesanal. Trátase dunha entidade que ten como fin, de maneira xenérica, a representación e agrupación de todas aquelas persoas físicas e xurídicas que realicen unha actividade comercial ambulante, incluíndo como actividades para a consecución destes fins a organización de eventos vinculados coa venda ambulante. Dito doutro modo: o ámbito desta entidade non é a representación dos intereses dos artesáns especificamente, nin a realización de actividades exclusivamente artesanais. O seu obxecto exténdese á venda ambulante con carácter xeral, e comprende a representación e defensa de todas aquelas persoas que levan a cabo actividades de venda fora de establecemento comercial permanente (incluíndo artigos e servizos non estritamente derivados da artesanía). Por este motivo, entendemos que a oferta presentada pola Asociación non reúne todos os requisitos esixidos polo Prego para poder ser admitida, incumpríndose unha condición básica de capacidade».*

*ASOCIACIÓN DE VENDEDORES DE CALLE DE ASTURIAS.*

*«De conformidade coa xustificación prevista no Informe xurídico emitido con data 30 de maio de 2022, dunha análise da documentación aportada pola Asociación de Vendedores de Calle de Asturias constatase a existencia dun incumprimento do establecido na Base 6.B do Prego reitor da convocatoria: á vista do establecido nos Estatutos da Asociación, non nos atopamos ante unha entidade que teña por obxecto de maneira específica a representación dos intereses dos artesáns e, particularmente, a realización de actividades, eventos e talleres de carácter artesanal.*

*Trátase dunha entidade conformada non por artesáns, senón por persoas que teñan como actividade calquera tipo de venda fora dun establecemento comercial permanente, na vía pública, espazos abertos, emplacements autorizados, e que exerzan a actividade en Asturias a título principal, e teñan como obxecto a venda de artesanía, pero tamén bixutería, complementos e artigos de ornato. Dito doutro modo: o ámbito desta entidade non é a representación dos intereses dos artesáns especificamente, nin a realización de actividades exclusivamente artesanais. O seu obxecto*



*extendese á venda ambulante con carácter xeral, e comprende a defensa de todas aquelas persoas que levan a cabo actividades de venda fora de establecemento comercial permanente (incluíndo artigos e servizos non estritamente derivados da artesanía). Precisar que a venda ambulante podería amparar actividades de venda de produtos alimenticios e a revenda de produtos, algo que precisamente se busca evitar neste evento, limitado única e exclusivamente a venda e actividades de valor engadido, singular valor artístico e popular, e cunhas características determinadas (máis limitadas que as que poden levarse a cabo con carácter xeral nos postos de venda ambulante).*

*Ademais do anterior, é preciso ter en consideración que o ámbito desta Asociación limitábase, territorialmente, ao Principado de Asturias, o que a priori suporía a imposibilidade desta entidade de levar a cabo as actividades de organización e xestión de eventos e Feiras desta tipoloxía fora do ámbito de dita Comunidade Autónoma. Elo impediría a organización da Feira que nos ocupa, no termo municipal de Sanxenxo, fora do ámbito de actuación asociacional. Por estes motivos, entendemos que a oferta presentada pola Asociación non reúne todos os requisitos esixidos polo Prego para poder ser admitida, incumpríndose unha condición básica de capacidade”.*

*Asemade, en data 6 de xuño notificouse esta Resolución aos interesados a través da Sede Electrónica do Concello de Sanxenxo indicando ao pé os recursos dispoñibles, así como foi publicada a mesma na páxina web do Concello tal e como consta nas bases aprobadas no seu día.*

*Como continuación e segundo consta polo aportado pola Sede Electrónica do Concello de Sanxenxo, apertúrase o resto de documentación (arquivos electrónicos) a valorar polas dúas entidades admitidas (ASOCIACION GALEGA DE ARTESANOS, AGA e ASOCIACION PERSONAS CON DISCAPACIDAD FISICA), dándose traslado do contido dos Sobres 2 aos técnicos designados para realizar a valoración segundo os criterios establecidos nas bases, así como para a emisión dos informes técnicos correspondentes. Os técnicos designados a través de Resolución de data 18 de maio son D. José María Troncoso Viñas, enxeñeiro municipal do Concello de Sanxenxo e Dña. M<sup>a</sup> Eugenia Gonzaga Alonso, técnica de cultura do O.A.L. Terra de Sanxenxo.*

*Do resultado das valoracións emitidas por ámbolos dous, os cales constan detallados nos informes obrantes no expediente e asinados polos técnicos correspondentes, resultan as seguintes puntuacións:*

*- ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESANOS, AGA. G15128275*

*A. Experiencias en organización, xestión e desenvolvemento de Feiras e eventos de artesanía. Criterio valorado cun máximo de 30 puntos.*

*B. Memoria organizativa e descritiva da actividade a desenvolver no marco da/s autorización/s a outorgar. Criterio valorado cun máximo de 50 puntos.*

*C. Dispor de páxina web, blog ou perfil social onde se faga referencia expresa á actividade de artesanía e organizacións de eventos de artesanía levada a cabo pola entidade, así como ás actividade e eventos organizados no último ano. Criterio valorado cun máximo de 10 puntos.*

*Puntuación emitida polos técnicos nos informes (sumatorios) asinados e obrantes no expediente:*

*A. 16 puntos.*

*B. 24 puntos.*



C. 10 puntos.

**Puntuación total: 50 puntos.**

**- ASOCIACIÓN PERSONAS CON DISCAPACIDAD FÍSICA. G01708510**

A. Experiencias en organización, xestión e desenvolvemento de Feiras e eventos de artesanía. Criterio valorado cun máximo de 30 puntos.

B. Memoria organizativa e descritiva da actividade a desenvolver no marco da/s autorización/s a outorgar. Criterio valorado cun máximo de 50 puntos.

C. Dispor de páxina web, blog ou perfil social onde se faga referencia expresa á actividade de artesanía e organizacións de eventos de artesanía levada a cabo pola entidade, así como ás actividade e eventos organizados no último ano. Criterio valorado cun máximo de 10 puntos.

Puntuación emitida polos técnicos nos informes (sumatorios) asinados e obrantes no expediente:

A. 0 puntos.

B. 14 puntos.

C. 4 puntos.

**Puntuación total: 18 puntos.**

**1ª ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESANOS, AGA. G15128275 50 puntos.**

2ª ASOCIACIÓN PERSONAS CON DISCAPACIDAD FISICA. G01708510 18 puntos.

**II. EMITIR RESOLUCIÓN DE OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA á devandita adxudicataria ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESANOS coas consideracións aprobadas polo Consello de Administración e que se dé traslado da mesma ao Concello de Sanxenxo aos efectos legalmente oportunos.**

**III. NOTIFICAR A PRESENTE RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN, ASÍ COMO A AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA QUE SE EMITA AOS SOLICITANTES, debendo ser publicadas ámbalas dúas na páxina web do Concello de Sanxenxo.**

En Sanxenxo a 9 de xuño de 2022, asinado electrónicamente pola Alcaldía-Presidencia.

*“A presente Resolución pon fin a vía administrativo ao amparo do disposto no artigo 114 de la Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, polo que poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante este órgano de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei*



*39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no prazo de un mes dende a notificación desta Resolución.*

*Alternativamente, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte a notificación da Resolución, de acordo co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa”*

